



## BASES REGULADORAS DO CONCURSO DE EMBECEMENTO DE NADAL 2022-2023

- MODALIDADE: DECORACIÓN DE ESCAPARATES
- MODALIDADE: DECORACIÓN DE LOCAIS HOSTALEIROS
- MODALIDADE: DECORACIÓN DE FACHADAS, BALCÓNS OU XARDÍNS.

### 1.- OBXECTO E FINALIDADE

Estas bases teñen por obxecto establecer os criterios que rexen a convocatoria en réxime de concorrencia competitiva para o concurso de embelecemento de Nadal 2022-2023 nas modalidades decoración hostaleira, decoración de escaparates en establecementos comerciais e decoración de Fachadas, Balcóns ou Xardíns en vivendas do municipio.

Trátase dunha actividade promovida polo Concello de Ribeira dende as áreas de Cultura e Comercio co dobre obxectivo de poñer en valor e incentivar a participación do tecido económico da cidade (hostalería e comercio) nas celebracións de Nadal mediante a creación a decoración realizada nestes establecementos así como promover e premiar o embelecemento das fachadas, balcóns e xardíns nas vivendas do municipio.

### 2.- REGULAMENTO PARA A PARTICIPACIÓN:

#### 2.1.- Funcionamento e participantes nas modalidades de decoración hostaleira:

Poderá participar calquera local hostaleiro que radiquen no municipio de Ribeira, enviando unha fotografía da decoración acompañada da ficha de participación cuberta (Anexo I), non aceptando como válidos aqueles traballos que non veñan acompañado da ficha que incluírá nome e apelidos do participante, nome do establecemento, número de DNI, domicilio, e teléfono de contacto ao enderezo electrónico [turismo@ribeira.gal](mailto:turismo@ribeira.gal), entendendo por parte da organización que a propia participación autoriza ao Concello de Ribeira á súa divulgación cos fins propios desta actividade, acepta as bases e faise responsable da veracidade dos datos facilitados.

Os locais hostaleiros participantes deberán estar decorados como data límite o domingo 18 de decembro de 2022 e manterse ata o 6 de xaneiro de 2023 (ambos os dous incluídos). A fotografía da decoración e a ficha de participación cuberta deberán enviarse do 12 ao 19 de decembro de 2022 ao enderezo electrónico [turismo@ribeira.gal](mailto:turismo@ribeira.gal) e todas as imaxes participantes publicaranse no perfil de EntérateCulturaFestexos no Facebook do 21 ao 23 de decembro para que sexan votadas polo público.

As tres decoracións que máis GÚSTAME reciban ata o martes 10 de xaneiro ás 10:00 h serán as tres gañadoras co primeiro, segundo e terceiro premio establecidos nestas bases.

CSV: 07E6000EBE5000P6Y719B5L8H7

1/7



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E6000EBE5000P6Y719B5L8H7 en la Sede Electrónica de la Entidad

#### FIRMANTE - FECHA

MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ-CONCELLEIRA DELEGADA DE CULTURA, URBANISMO, PLANIFICACIÓN E DESENVOLVEMENTO ORZAMENTARIO - 28/10/2022  
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 28/10/2022 10:56:04

EXPEDIENTE ::  
2022CONV000017

Fecha: 20/10/2022

Hora: 00:00

Und. reg: REGISTRO GENERAL





CONCELLO  
DE  
RIBEIRA

(A CORUÑA)  
Declarado Municipio Turístico Galego

## 2.2.- Funcionamento e participantes nas modalidades de decoración de escaparates dos establecementos comerciais:

Poderá participar calquera establecemento comercial –a excepción dos locais hostaleiros que xa teñen unha modalidade propia- que radiquen no municipio de Ribeira, enviando unha única fotografía da decoración do escaparate acompañada da ficha de participación cuberta (Anexo I), non aceptando como válidos aqueles traballos que sexan collages, vídeos ou con múltiples fotografías nin tampouco que non veñan acompañados da ficha que incluírá nome e apelidos do participante, nome do establecemento, número de DNI, domicilio, e teléfono de contacto ao enderezo electrónico [turismo@ribeira.gal](mailto:turismo@ribeira.gal), entendendo por parte da organización que a propia participación autoriza ao Concello de Ribeira á súa divulgación cos fins propios desta actividade, acepta as bases e faise responsable da veracidade dos datos facilitados.

Os comercios participantes deberán manter decorados os escaparates como data límite o domingo 18 de decembro de 2022 e manterse ata o 6 de xaneiro de 2023 (ambos os dous incluídos). A fotografía do escaparate e a ficha de participación cuberta deberán enviarse do 12 ao 19 de decembro de 2022 ao enderezo electrónico [turismo@ribeira.gal](mailto:turismo@ribeira.gal) e todas as imaxes participantes publicaranse no perfil de EntérateCulturaFestexos no Facebook do 21 ao 23 de decembro para que sexan votadas polo público.

As tres decoracións que máis GÚSTAME reciban ata luns 9 de xaneiro ás 10:00 h serán as tres gañadoras co primeiro, segundo e terceiro premio establecidos nestas bases.

## 2.3. Funcionamento e participantes na modalidade de decoración de Nadal de fachadas, balcóns e xardíns :

Poderá participar calquera persoa empadroada no municipio de xeito individual ou colectivo, maior de idade, cunha participación por persoa/colectivo e enviando unha única fotografía do traballo acompañada da ficha de participación cuberta (Anexo II), non aceptando como válidos aqueles traballos que sexan collages, vídeos ou con múltiples fotografías nin tampouco aquelas participacións que non veñan acompañadas da ficha cuberta que incluírá nome e apelidos dos creadores, número de DNI do participante/es, domicilio, título da creación, e teléfono de contacto ao enderezo electrónico [culturaefestexos@ribeira.gal](mailto:culturaefestexos@ribeira.gal), entendendo por parte da organización que a propia participación testemuña que as decoracións son orixinais á vez que autoriza ao Concello de Ribeira á súa divulgación cos fins propios desta actividade, acepta as bases e faise responsable da veracidade dos datos facilitados.

Só poderán participar no concurso aqueles traballos de decoración de fachadas, balcóns e xardíns radicados no municipio e que sexan visibles dende a vía pública, non aceptando aqueles que afecten ao interior de vivendas nin aqueles en exterior que non se contemplan facilmente por calquera viandante.

CSV: 07E6000EBE5000P6Y719B5L8H7

2/7



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E6000EBE5000P6Y719B5L8H7 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA

MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ-CONCELLEIRA DELEGADA DE CULTURA, URBANISMO, PLANIFICACIÓN E DESENVOLVEMENTO ORZAMENTARIO - 28/10/2022  
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 28/10/2022 10:56:04

EXPEDIENTE ::  
2022CONV000017

Fecha: 20/10/2022

Hora: 00:00

Und. reg: REGISTRO GENERAL





CONCELLO  
DE  
RIBEIRA

(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

As creacións deberán estar realizadas como data límite o domingo 18 de decembro de 2022 e expostas ata o 6 de xaneiro de 2023 (ambos os dous incluídos) cuxas imaxes deberán enviarse do 12 ao 19 de decembro de 2022 ao enderezo electrónico culturaefestexos@ribeira.gal publicando no perfil de EntérateCulturaFestexos no Facebook todas as imaxes participantes do 21 ao 23 de decembro para que sexan votadas polo público.

As tres decoracións que máis GÚSTAME reciban ata o martes 10 de xaneiro ás 10:00 h serán as tres gañadoras co primeiro, segundo e terceiro premio establecidos nestas bases.

## 2.4.- Publicación dos traballos recibidos:

### 2.4.1.- Modalidade de locais hostaleiros e decoración de escaparates:

Todas as fotografías de decoración de locais hostaleiros ou de decoración de escaparates recibidas serán publicadas no perfil de ENTÉRATE do Facebook co fin de que calquera persoa interesada poida entreterse coa súa visualización. Calquera creación poderá quedar eliminada e non ser publicada se a xuízo da organización pode supor un motivo de insulto, falta á verdade, mal gusto, machismo, racismo ou outro semellante.

Todas as publicacións irán acompañadas do hashtag: #NadalenRibeiraComercioLocal22

Tamén a través deste perfil da Concellería de Cultura en Facebook se dará a coñecer e se difundirá o nome dos premiados nas distintas modalidades.

### 2.4.2.- Modalidade de decoración de fachadas, balcóns e xardíns:

Todas as creacións recibidas na modalidade de decoración de Nadal de fachadas, balcóns e xardíns serán publicadas no perfil de ENTÉRATE do Facebook co fin de que calquera persoa interesada poida entreterse coa súa visualización. Calquera creación poderá quedar eliminada e non ser publicada se a xuízo da organización pode supor un motivo de insulto, falta á verdade, mal gusto, machismo, racismo ou outro semellante. Todas as publicacións irán acompañadas do hashtag #NadalenRibeira.

Tamén a través deste perfil da Concellería de Cultura en Facebook se dará a coñecer e se difundirá o deseño premiado nas modalidades de cartel e postal de Nadal así como, chegado o momento, os boletos agraciados en combinación cos tres últimas cifras dos tres premios da Lotería Nacional do Neno.

## 3.- PREMIOS E DOTACIÓN ECONÓMICA:

### 3.1.- Modalidades para o tecido comercial e hostaleiro:

O concurso estará dotado dun total de 1.200,00 €.

Para a modalidade de decoración hostaleira establécense tres premios:

1º premio: 300 €

2º premio: 200 €

3º premio: 100 €

3/7



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E6000EBE5000P6Y719B5L8H7 en la Sede Electrónica de la Entidad

#### FIRMANTE - FECHA

MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ-CONCELLEIRA DELEGADA DE CULTURA, URBANISMO, PLANIFICACIÓN E DESENVOLVEMENTO ORZAMENTARIO - 28/10/2022  
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 28/10/2022 10:56:04

EXPEDIENTE ::  
2022CONV000017

Fecha: 20/10/2022

Hora: 00:00

Und. reg: REGISTRO GENERAL

CSV: 07E6000EBE5000P6Y719B5L8H7





CONCELLO  
DE  
RIBEIRA

(A CORUÑA)  
Declarado Municipio Turístico Galego

Para a modalidade de decoración de escaparates de comercios establécense tres premios:

1º premio: 300 €

2º premio: 200 €

3º premio: 100 €

### 3.2.- Modalidade de decoración de fachadas, balcóns e xardíns:

O concurso estará dotado dun total de 600,00 €, establecéndose tres premios:

1º premio: 300 €

2º premio: 200 €

3º premio: 100 €

### 3.3.- Caducidade dos premios:

No suposto de que algún dos premios non fose reclamado na Concellería de Cultura antes do prazo dun mes dende a comunicación dos agraciados, perderán a súa validez e non serán entregados ás persoas interesadas. Para a entrega dos premios, unha vez coñecidos os gañadores en cada modalidade, o persoal do departamento solicitará aos gañadores/as a documentación necesaria para proceder ao aboamento do premio.

### 4.- ÓRGANO COMPETENTE PARA A INSTRUCCIÓN E RESOLUCIÓN DO PROCEDIMENTO

A instrución e resolución do procedemento corresponderalle ás Concellarías de Cultura e Turismo/Comercio a través do seu persoal sen ser preciso a constitución dunha comisión avaliadora xa que os premios serán outorgados aos que obteñan máis “Gústame” no perfil de Entérate Cultura e Festexos de FACEBOOK.

O órgano competente para resolver o procedemento será a Xunta de Goberno Local. A Xunta de Goberno Local aprobará a resolución dos premios en base ao informe emitido polo persoal das Concelleiras de Cultura e Turismo/Comercio.

Todas as notificacións e publicacións relacionadas con esta subvención realizaranse na páxina web municipal [www.ribeira.gal](http://www.ribeira.gal) e no taboleiro de anuncios do Concello de Ribeira.

### 5.- ORZAMENTO DA CONVOCATORIA

A contía da convocatoria a realizar de conformidade coas presentes bases ascende a 1.800,00 euros, con cargo á partida 334.48000 do Orzamento municipal de Ribeira.

### 6.- ACEPTACIÓN DAS BASES E AUTORIZACIÓN EN CANTO Á L.P.D.

A mera participación nalgunha das modalidades deste concurso supón a aceptación plena de todas as bases, así como a autorización á entidade organizadora a empregar a imaxe e datos das persoas gañadoras no concurso para os efectos de publicidade do resultado do mesmo.

4/7



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E6000EBE5000P6Y719B5L8H7 en la Sede Electrónica de la Entidad

#### FIRMANTE - FECHA

MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ-CONCELLEIRA DELEGADA DE CULTURA, URBANISMO, PLANIFICACIÓN E DESENVOLVEMENTO ORZAMENTARIO - 28/10/2022  
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 28/10/2022 10:56:04

EXPEDIENTE ::  
2022CONV000017

Fecha: 20/10/2022

Hora: 00:00

Und. reg: REGISTRO GENERAL

CSV: 07E6000EBE5000P6Y719B5L8H7





CONCELLO  
DE  
**R I B E I R A**  
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

Así, aos efectos do establecido na Lei Orgánica 3/2018 de protección de datos e RGPD, o Concello de Ribeira comunica que estes datos de carácter persoal forman parte dun ficheiro na área de Cultura, podendo exercitar os seus dereitos ARCO na seguinte dirección de correo postal: Praza do Concello, s/n, CP 15960, Ribeira (A Coruña).

O incumprimento dalgunha destas bases supón a privación de todos os dereitos que poidan derivar da participación da campaña.

No caso de que algunha persoa premiada ou agraciada renuncie a algún premio deberá formalízalo por escrito na Concellería de Cultura no mesmo prazo fixado para a reclamación dos premios; unha vez rematado o prazo, todos os premios perderán a súa validez e non poderán ser reclamados.

Ribeira, na data da sinatura dixital.

María Sampedro Fernández  
Concelleira de Cultura

5/7



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E6000EBE5000P6Y719B5L8H7 en la Sede Electrónica de la Entidad

**FIRMANTE - FECHA**

MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ-CONCELLEIRA DELEGADA DE CULTURA, URBANISMO, PLANIFICACIÓN E DESENVOLVEMENTO ORZAMENTARIO - 28/10/2022  
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 28/10/2022 10:56:04

EXPEDIENTE ::  
2022CONV000017  
Fecha: 20/10/2022  
Hora: 00:00  
Und. reg: REGISTRO GENERAL

CSV: 07E6000EBE5000P6Y719B5L8H7





CONCELLO  
DE  
RIBEIRA

(A CORUÑA)  
Declarado Municipio Turístico Galego

**ANEXO I: FICHA PARTICIPACIÓN  
CONCURSO DE NADAL DE ESCAPARATES E DECORACIÓN DA HOSTALERÍA**

Nome e apelidos do participante:

\_\_\_\_\_

Con DNI \_\_\_\_\_ Teléfono: \_\_\_\_\_

Modalidade:

Decoración de Escaparates

Decoración de Local Hostaleiro

Nome do establecemento \_\_\_\_\_

Domicilio onde se atopa a decoración:

\_\_\_\_\_

Localidade do participante: \_\_\_\_\_ Código Postal: \_\_\_\_\_

**Enviar debidamente cuberta e coa foto adxunta a: [turismo@ribeira.gal](mailto:turismo@ribeira.gal)**

Sinatura:

\_\_\_\_\_

DECLARO e AUTORIZO ao Concello de Ribeira a publicar e difundir as imaxes participantes neste concurso nas súas redes sociais, medios de comunicación e outros cos fins propios do concurso, así como ACEPTO as bases que regulan este concurso.

De acordo co establecido pola normativa vixente en materia de protección de datos, informámoslle de que o Responsable de Tratamento dos seus datos persoais é CONCELLO DE RIBEIRA, con dirección en PRAZA DO CONCELLO, S/N, 15960 - RIBEIRA (A CORUÑA). O Delegado de Protección de Datos do CONCELLO DE RIBEIRA é Servizos de Adaptación Continua en Protección de Datos RB, S.L. có que poderá contactar en [lopd@ribeira.gal](mailto:lopd@ribeira.gal). Os datos serán utilizados para prestarlle o servizo solicitado e a xestión administrativa derivada da prestación do servizo. Os datos non se cederán a terceiros, salvo por obriga legal. Ten vostede dereito a acceder, rectificar ou suprimir os datos erróneos, solicitar a limitación do tratamento dos seus datos así como opoñerse ou retirar o consentimento en calquera momento e solicitar a portabilidade dos mesmos en calquera momento. Para iso, CONCELLO DE RIBEIRA dispón de formularios específicos para facilitarlle o exercicio dos seus dereitos. Pode presentar a súa propia solicitude ou solicitar os nosos formularios, sempre acompañados dunha copia do seu DNI para acreditar a súa identidade. Pode consultar a información adicional e detallada sobre Protección de Datos solicitándoa por correo electrónico: [lopd@ribeira.com](mailto:lopd@ribeira.com)

6/7



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E6000EBE5000P6Y719B5L8H7 en la Sede Electrónica de la Entidad

**FIRMANTE - FECHA**

MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ-CONCELLEIRA DELEGADA DE CULTURA, URBANISMO, PLANIFICACIÓN E DESENVOLVEMENTO ORZAMENTARIO - 28/10/2022  
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 28/10/2022 10:56:04

EXPEDIENTE ::  
2022CONV000017

Fecha: 20/10/2022

Hora: 00:00

Und. reg: REGISTRO GENERAL

CSV: 07E6000EBE5000P6Y719B5L8H7





**ANEXO II:  
FICHA PARTICIPACIÓN NA MODALIDADE DE DECORACIÓN DE NADAL  
DE FACHADAS, BALCÓNS E XARDÍNS**

Nome e apelidos (dun ou de todos os participantes de ser colectivo):

\_\_\_\_\_

Con DNI (do representante no caso de ser un colectivo) \_\_\_\_\_

Representa a (nome e apelidos, en caso de menores de idade): \_\_\_\_\_

Data de nacemento: \_\_\_\_\_

Teléfono: \_\_\_\_\_

Domicilio onde se atopa a decoración (pode ser igual ou distinto ao do participante):

\_\_\_\_\_

Localidade do participante: \_\_\_\_\_ Código Postal: \_\_\_\_\_

Título da decoración: \_\_\_\_\_

**Enviar debidamente cuberta e cunha única fotografía adxunta a: [culturaefestexos@ribeira.gal](mailto:culturaefestexos@ribeira.gal)**

DECLARO que a obra presentada é orixinal e inédita e AUTORIZO ao Concello de Ribeira a publicala e difundila nas súas redes sociais, medios de comunicación e outros cos fins propios do concurso, así como ACEPTO as bases que regulan este concurso.

De acordo co establecido pola normativa vixente en materia de protección de datos, informámoslle de que o Responsable de Tratamento dos seus datos persoais é CONCELLO DE RIBEIRA, con dirección en PRAZA DO CONCELLO, S/N, 15960 - RIBEIRA (A CORUÑA). O Delegado de Protección de Datos do CONCELLO DE RIBEIRA é Servizo de Adaptación Continua en Protección de Datos RB, S.L. có que poderá contactar en [lopd@ribeira.gal](mailto:lopd@ribeira.gal). Os datos serán utilizados para prestarlle o servizo solicitado e a xestión administrativa derivada da prestación do servizo. Os datos non se cederán a terceiros, salvo por obriga legal. Ten vostede dereito a acceder, rectificar ou suprimir os datos erróneos, solicitar a limitación do tratamento dos seus datos así como opoñerse ou retirar o consentimento en calquera momento e solicitar a portabilidade dos mesmos en calquera momento. Para iso, CONCELLO DE RIBEIRA dispón de formularios específicos para facilitarlle o exercicio dos seus dereitos. Pode presentar a súa propia solicitude ou solicitar os nosos formularios, sempre acompañados dunha copia do seu DNI para acreditar a súa identidade. Pode consultar a información adicional e detallada sobre Protección de Datos solicitándoa por correo electrónico: [lopd@ribeira.com](mailto:lopd@ribeira.com)

CSV: 07E6000EBE5000P6Y719B5L8H7

7/7



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E6000EBE5000P6Y719B5L8H7 en la Sede Electrónica de la Entidad

**FIRMANTE - FECHA**

MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ-CONCELLEIRA DELEGADA DE CULTURA, URBANISMO, PLANIFICACIÓN E DESENVOLVEMENTO ORZAMENTARIO - 28/10/2022  
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 28/10/2022 10:56:04

EXPEDIENTE ::  
2022CONV000017

Fecha: 20/10/2022

Hora: 00:00

Und. reg: REGISTRO GENERAL

